

MEMORIA DE ALCALDÍA

PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS ANO 2021

A situación actual que estamos a vivir, derivada da crise ocasionada pola pandemia da Covid-19 non ten precedentes coñecidos e afecta a todos os territorios con consecuencias perniciosas que se trasladan a todos os eidos. Estamos a comprobar a dureza dos impactos sociais provocados pola emerxencia sanitaria pero tamén no tecido produtivo, cun notable descenso dos índices de crecemento este ano, prexudicandoa maioría dos sectores, algúns, como o terciario, de gran importancia na dinamización económica da nosa cidade, afectando ao mercado de traballo e ao emprego. Efectos que aínda non poden ser avaliados con detalle polo grado de incerteza que estamos a vivir.

A evolución da crise sanitaria vai depender da efectividade das vacinas que cabe desexar se vaian a comezar a subministrar de inmediato, o que determinará de xeito relevante a evolución social e da actividade económica nos vindeiros tempos. Nese sentido, a decisión e determinación dos gobernos serán as que configuren como diferencial ou non a dinámica dos territorios onde teñen responsabilidades.

E a determinación do Goberno de Lugo é clara: como capital e núcleo central da provincia é o momento de afrontar políticas públicas valentes pero rigorosas que, por unha banda, nos reforcen como cidade de futuro e, por outra, nos axuden a deixar atrás unha situación imposible sequera de imaxinar hai só uns meses. Para iso, traballaremos para os cidadáns e os sectores máis afectados pola crise sanitaria, económica e social, pois unicamente poñendo no centro das nosas políticas á veciñanza e as súas necesidades e traballando para mellorar a súa calidade de vida, conseguírase mitigar os efectos negativos que a crise, inevitablemente, nos vai deixar.

Temos a obriga de ofrecer todas as solucións que estean ao noso alcance para minimizar o dano económico e social desta etapa de duración incerta,

continuando coa conduta de goberno proactiva e de anticipación que estamos a levar dende o inicio da crise e tamén temos a obriga de conseguir que, unha vez superada, saiamos reforzados e cun obxectivo de modelo de cidade avanzado e sostible que poña a Lugo definitivamente como referencia de cidade moderna e en transformación pola que leva a traballar hai anos.

Con esta convicción, elaboramos o proxecto de Orzamentos Municipal para o ano 2021, un proxecto excepcional para unha situación tamén excepcional por canto a loita contra a pandemia e as súas derivacións nos tivo xa obrigado a cambiar das contas e proxectos planificados neste 2020.

Para a planificación do vindeiro exercicio contamos co proxecto de Orzamento Xeral do Estado, documento que aporta seguridade e resulta esencial para orientar as decisións das restantes administracións públicas, despexando incertezas cara ás decisións que resultan relevantes para todos os axentes económicos e sociais. Así, unha vez coñecido o Plan Económico-Financeiro do Estado coa antelación suficiente se puideron adoptar varias das decisións de ingresos e gastos máis relevantes do Orzamento Municipal para o 2021.

O proxecto de Orzamentos que presenta este equipo de Goberno, que ascenden a 106,4 millóns de euros (106.478.713,77 euros), cumpre coa folla de ruta que recolle os compromisos adquiridos coa cidadanía para transformar a cidade na procura de que medre máis robusta, máis sostible, máis social, cos mellores servizos e a mellor atención aos cidadáns, pero tamén ten en conta as novas variables consecuencia da crise derivada da pandemia. Con este fin, se aposta por unhas contas expansivas, que crecen un 6,5 % respecto ao 2020, non só para facer fronte aos incrementos nos custes das políticas prioritarias que xa se incorporaron en anos anteriores, como a procura da equidade social e a loita contra a emerxencia climática, entre outras, senón tamén para facer fronte aos novos retos derivados da pandemia.

O de 2021 seguirá a ser un orzamento social. Se as políticas que teñen como referencia ás persoas e, sobre todo, ás máis vulnerables, sempre foron un eixo central deste Goberno nos últimos vinte anos, no vindeiro exercicio deben ter un peso aínda maior. Para elo, vai máis alá dunha política económica que garanta

o crecemento, aplicando medidas consistentes de política distributiva acordes cos obxectivos expostos de redución da inequidade e implementando políticas para seguir tecendo estruturas que sirvan para consolidar definitivamente un estilo de acción pública presidido por valores de progreso, solidariedade, liberdade, humanidade e equidade.

Este equipo de goberno está plenamente convencido de que o investimento dirixido a enfrontar as desigualdades a modo de escudo social non só se xustifica por razóns éticas e de xustiza, senón por razóns de eficiencia económica, por ser a forma máis eficiente de frear a pobreza e a exclusión e o investimento máis rendible dende o punto de vista da produtividade e o crecemento.

Dese xeito, seguen a reforzarse as políticas de contido social coa atención ás persoas maiores e dependentes a través do servizo de axuda a domicilio, así como as políticas de familia, infancia, atención á exclusión social e persoas con adicións. Tamén persistiremos na nosa aposta a prol da igualdade de xénero, un dos aspectos transversais en todas as políticas municipais pero tamén a través do mantemento dun servizo exclusivamente dedicado a ese fin, coa súa propia dotación orzamentaria por máis dun millón de euros.

O deporte, especialmente o de base, manterase como acción clave de Goberno, así como a transformación urbanística de Lugo cara un modelo máis sostible de cidade, sen esquecer as melloras das condicións de vida da zona rural.

Tamén resulta necesario continuar coas axudas aos nosos comerciantes, empresarios, emprendedores e autónomos, para o que, de igual xeito que en 2020, seguirán a poñerse en marcha en 2021 distintas accións que axuden a dinamización económica fronte a desaceleración que se prevé, ás que se sumará a Estratexia Lugo Transforma para a atracción de investimentos e empresas que axuden a crear emprego en sectores que xeren un alto impacto social e ambiental. Ademais, seguiremos acompañando ao noso tecido cultural e fomentando e apoiando con determinación o turismo, sectores de especial relevancia para a cidade.

Coas políticas incluídas nestas contas e coa incorporación dos remanentes necesarios mobilizaremos un importe sen precedentes na historia de Lugo para impulsar a súa transformación, o investimento, a dinamización, a innovación e o emprendimento, de vital importancia para un crecemento económico sólido e continuado nos vindeiros anos.

Para este equipo de goberno, a preservación do medioambiente é a loita contra o cambio climático van asociados aos seus valores e principios irrenunciáveis, sendo de decisiva influencia á hora de adoptar decisións entodos e cada un dos sectores da actividade municipal, tanto dende a súa concepción ata a dotación de recursos como na súa execución, fomentando sempre o coidado da cidade a través dun uso eficiente dos recursos naturais e reducindo o impacto ambiental, a contaminación e a xeración de residuos.

Neste senso,os Orzamentos do 2021 buscan a sustentabilidade e unha cidade máis sa, na que os peóns e os transportes alternativos aos vehículos particulares adquiren cada ano un maior protagonismo na mobilidade para mellorar a saúde da cidadanía, reducir a contaminación e protexer o noso patrimonio; unha cidade con máis espazos verdes e de goce interxeracional, pero tamén máis limpa e máis verde. Por iso, é destacable o que o maior aumento dos gastos correntes se destinaá mellora dos novos contratos de recollida de residuos e limpeza viaria e de mantemento e conservación de zonas verdes ou a mellora do sistema público de transporte, que aseguran a consecución destes obxectivos adaptando a prestación destes servizos ás novas necesidades da cidade.

Cóidase tamén a prosperidade económica do municipio con solucións que conduzan a investimentos asumibles e con retorno, á redución dos custos de explotación e ao aumento de valor das propiedades. Neste último eido prevese actuacións de investimento por máis de 3 millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións municipais.

As contas municipais do vindeiro ano recollen, así mesmo, un aumento do capítulo de gasto de persoal coa dotación axeitada para dar cobertura á relación de postos de traballo de recente aprobación, dando cabida ás novas incorporacións a través das ofertas de emprego, creando emprego máis estable e reforzandoos

servizos esenciais coa creación de postos clave para a mellorar a calidade das prestacións. Deste xeito, o Goberno reforza a modernización da administración co obxectivo de que sexa máis eficiente e máis próximo a cidadanía, fin que tamén se fortalecerán coas melloras que se seguirán a implementar na e-administración.

Nestesorzamentos extraordinarios destínanse 15 millóns ao capítulo de investimentos, superando en máis de 4 millóns a contía dedicada a este fin no pasado exercicio, o que supón un incremento dun 40%, que crecerá tras a incorporación adicional de remanentes de tesouraría durante a execución orzamentaria para o desenvolvemento de grandes e pequenas actuacións, todas de facer cidade, que mellorarán a vida e o entorno da nosa veciñanza, e mobilizarán recursos económicos, axudando tamén dese xeito á recuperación.

En resumo, os do 2021 son uns orzamentos adaptados a un ano que se espera difícil e complexo, cunhas contas expansivas, sociais, centradas nas persoas, no futuro, na economía, na sustentabilidade, no alivio fiscal e no investimento. Uns orzamentos para un Lugo que vai a superar esta crise convertido en máis aberto, máis dinámico, máis diverso, máis competitivo e máis moderno, liderando o crecemento económico e a protección social.

Este Proxecto de Orzamento Consolidado para 2021, así como as súas principais variacións refléxanse nas seguintes consideracións cuantitativas.

Os créditos do Estado de Gastos por Operacións Correntes (capítulo 1,2,3,4 e 5) importan un total de 90.698.099,80 euros (85,18 % do total) , repartidos do seguinte modo :

- **Capítulo 1: Gastos de Persoal** , que ascenden a 30.377.824,85 euros , ou que supón o 28,53 % do total de gastos.
- **Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos** , que ascenden a 53.783.567,88 euros , o que supón unha porcentaxe relativa sobre do total de gastos do 50,51 %
- **Capítulo 3: Gastos financeiros**, que ascenden a 52.000,00 euros (0,05 %).

- **Capítulo 4; Transferencias correntes**, que ascenden a 6.084.707,07 euros , o que supón unha porcentaxe do 5,71 % sobre do gasto global,
- **Capítulo 5; Fondo de continxencia e outros imprevistos**, que ascenden igual que en anos anteriores a 400.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 0,38 % sobre do gasto global,

Os créditos por Operacións de Capital (capítulos 6 e 7) importan un total de 14.947.410,13 euros (o 14,04 % do gasto total), distribuídos do seguinte xeito:

- **Capítulo 6: Investimentos Reais**, que ascenden a 14.353.899,13 euros (o que supón un 13,48 % do gasto total), isto é máis de 13 euros de cada 100 destinarase a investimento e capitalización da cidade.
- **Capítulo 7; Transferencias de capital**, que ascenden a 593.511,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 0,56 % sobre do gasto global.

Os créditos por Operacións financeiras (capítulos 8 e 9) importan un total de 833.203,84 euros (o 0,78 % do gasto total), distribuídos do seguinte xeito:

- **Capítulo 8: Activos financeiros**, por importe de 100.000,00 euros (0,09 %)
- **Capítulo 9: Pasivos financeiros**, por un importe de 733.203,84 euros (0,69 %), en concepto de devolución derivada das liquidacións negativas da Participación nos tributos do Estado de, segundo os cadros de amortización previstos para ou ano 2021, último ano de devolución.

Os importes ata aquí reflectidos representan a distribución do produto económico da cidade para este exercicio orzamentario que, representado de xeito gráfico quedaría da seguinte maneira pola parte dos gastos:

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Pola súa parte, as Previsións do Estado de Ingresos por Operacións correntes (capítulos 1 a 5) importan un total de 93.949.891,71 euros (88,23 %), distribuídos nos seguintes conceptos:

- **Capítulo 1 Impuestos directos (IBI, IAE, IVTM...).** As previsións de ingreso por estes conceptos importan un total de 38.429.459,51 € (36,09 %)
- **Capítulo 2: Impuestos Indirectos.** As previsións de ingresos estímense en 4.495.491,20 euros, o que supón un 4,22 % do total.
- **Capítulo 3: Taxas e outros ingresos eventuais** 26.305.681,88 (un 24,71 %) .
- **Capítulo 4: Transferencias correntes,** recolléndose aquí as axudas e subvencións procedentes doutras Administracións Públicas (Estado , Comunidades Autónomas e outras Entidades Locais - Deputación -) destinadas a financiar gasto corrente por importe de 23.974.259,12 euros (22,52 %) .
- **Capítulo 5: Ingresos patrimoniais,** por importe de 745.000,00 euros (0,70 %)

En canto ás previsións de operacións de ingresos de capital, elévanse a 5.278.822,06 euros (4,96 % sobre do total), desglosándose nos seguintes conceptos e contías :

- **Capítulo 7: Transferencias de Capital,** onde se recollen as previsións de subvencións destinadas a financiar gasto de capital procedentes doutras Administracións Públicas e que se estiman en 5.278.822,06 euros (4,96 %) .

En canto ás previsións de operacións financeiras de ingresos, elévanse a 7.250.000 euros (6,81 % sobre do total), desglosándose nos seguintes conceptos e contías :

- **Capítulo 8: Activos financeiros,** por importe de 100.000,00 euros (0,09 %) en función dá previsible recadación de anticipos pendentes de reembolso concedidos ó persoal.
- **Capítulo 9: Pasivos financeiros,** por importe de 7.150.000 euros (6,71 % do total do orzamento) pola operación de préstamo que se ten previsto concertar no exercicio de 2021 sen perxuízo de que fose posible acudir a fontes propias de financiamento que permitisen a súa substitución.

A continuación, gráficamente, a distribución dos ingresos municipais para o ano 2021

A Alcaldesa

Lara Méndez López

CVD: Qv16vQhlnGf9w1KOazpO
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE LUGO 2021

MEMORIA DA ALCALDÍA